

OS RAMÓNS

RAMÓN CABANILLAS, “Himno Acción Gallega”

¡Irmáns! ¡Irmáns gallegos!
¡Dende Ortegal ó Miño
a folla do fouciño
fagamos rebrilar!

Que vexa a Vila podre,
coveira da canalla,
á Aldea que traballa
disposta pra loitar.

Antes de ser escravos,
¡irmáns, irmáns gallegos!
que corra o sangue a regos
dende a montana ó mar

RAMÓN OTERO PEDRAYO, *Arredor de sí*

Por Galicia e na Galicia era Adrián europeo e planetario. Xa podía dirixir as súas frechas a un fito. Foi obra leda e rápida como toda liberación. Fíxoa pola meditación apaixonada servida pola experiencia dos ensaios fracasados, e pola amorosa descuberta da Terra. Máis adiante Solovio compraciáse en lembrar sen propósito pedagóxico, como exemplo e ensino para os máis, as etapas do seu itinerario da perfección. No decorrer dun ano fixo varias viaxes: costa brava, algún mes en Santiago, no verán con caxato e morral andou a pé grandes anacos da serra, onde se demora sempre un recendo e una elegancia. Deste xeito foi sentindo a historia vivente da Galicia e puido meditar a súa proxección no porvir.

RAMÓN MARÍA DEL VALLE INCLÁN, *Sonatas (Marqués de Bradomín)*

Yo tuve que enseñarle toda la lira: verso por verso, todo el rosario de sonetos de Pietro Aretino. Aquel capullo blanco de niña desposada, apenas sabía murmurar el primero.

Hay maridos y amantes que ni siquiera pueden servirnos de precursores, y bien sabe Dios que la perversidad, esa rosa sangrienta, es una flor que nunca se abrió en mis amores. Yo he preferido siempre ser el Marqués de Bradomín, a ser se divino Marqués de Sade. Tal vez esa haya sido la única razón de pasar por soberbio entre algunas mujeres.

RAMÓN PIÑEIRO, *Filosofía da saudade*

Cando se trata de caracterizar a personalidade colectiva de Galicia ou de Portugal, as palabras "saudade" e "lirismo" sempre resultan ser as preferidas, talmente coma se traducisen mellor que ningunha outra os trazos da nosa fisionomía espiritual que chaman a atención dos demais. Pola amplitude e a insistencia con que se produce, este feito ten para nós un significado orientador, porque é indubidable que as observacións ou os xuízos que os outros fagan de nós tenderán a destacar aquilo que en nós vexan de máis privativo, de máis peculiar. Como queira que, tanto na orde individual coma na colectiva, aprendemos a nos descubrir, a nos coñecer a nós mesmos por medio dos demais, en contraste cos demais, eses trazos que nos sinalan, eses trazos que os demais ven en nós, teñen, non cabe dúbida, un significado orientador para as nosas tentativas de auto-coñecemento.

RAY BRADBURY, *Fahrenheit 451*

Milleiros, que van polos camiños, as vías férreas abandonadas, vagabundos polo exterior, bibliotecas polo interior. Ao principio, non se tratou dun plan. Cada home tiña un libro que quería recordar, e así o fixo. Despois, durante un período duns vinte anos, fomos entrando en contacto, viaxando, establecendo esta organización e forxando un plan. O máis importante que debíamos meternos na cabeza é que non somos importantes, que no debemos de ser pedantes. Non debemos sentirnos superiores a ninguén no mundo. Só somos sobrecubertas para libros, sen valor intrínseco.

RAMÓN CARIDE OGANDO, *Said e Sheila*

¿A onde foron? ¿e por que razón? Hai xa dous días que están ausentes, como mínimo. Eles sabían que eu ía vir, ¿cal ausentes, como mínimo. Eles sabían que eu ía vir, ¿cal foi, logo, o motivo da súa marcha? Unha morea de interrogantes sen resposta abouran na miña cabeza.

Said é o meu mellor amigo e Sheila é a persoa que máis admiro no mundo. Teño que saber o que lles aconteceu, como sexa... Eles non contaban coa miña chegada tan axiña, é certo. Pero isto non pode ser o motivo de que non estean na casa arestora, nin de que non deixaran rastro ningún do lugar en que poidan atoparse. O certo é que falta tamén un dos seus transportadores, ¿marcharían nel?

RAMÓN VILLARES, *A historia de Galicia*

O descubrimento e toma de conciencia de Galicia como unha unidade é un feito plenamente contemporánea, anque importantes adiantos fixeran neste aspecto os ilustrados e, en especial,

Martiño Sarmiento. Esta concepción diferencialista de Galicia comeza moi timidamente coa guerra do francés e chega a se concretar na década de 1840, despois da consolidación da revolución liberal e de todo o que esta significa; progresiva uniformización e homoxenización de España na orde económica (mercado “nacional”), político (administración centralizada e división provincial) e cultural (alfabetización obrigatoria en castelán).

RAMÓN GÓMEZ DE LA SERNA, Greguería

Los pingüinos son unos niños que se han escapado de la mesa con el babero puesto

RAIMOND QUENEAU, *Exercicios de estilo*

Punto de vista subxectivo

Non estaba descontento coa miña vestimenta, precisamente hoxe. Estreaba un sombreiro novo, bastante chulo, e un abrigo que me parecía pero que moi ben. Atópome a X diante da estación de Saint-Lazare, quen tenta aguarme a festa tratando de demostrarme que o abrigo é moi escotado e que debería engadirle un botón máis. Aínda que, menos mal que non se atreveu a meterse co meu gorro.

Pouco antes, rifara do lindo a unha especie de paifoco que me empurraba a posta como un bruto cada vez que o persoal pasaba, ao baixar ou ao subir. Iso ocurría nun deses inmundos autobuses que se enchen de populacho precisamente ás horas nas que debo dignarme a utilizalos.

RAMÓN J. SÉNDER, *Réquiem por un campesino español*

Cincuenta y un años repitiendo aquellas oraciones habían creado un automatismo que le permitía poner el pensamiento en otra parte sin dejar de rezar. Y su imaginación vagaba por el pueblo. Esperaba que los parientes del difunto acudirían. Estaba seguro de que irían –no podían menos-. Tratándose de una misa de réquiem, aunque la decía sin que nadie se la hubiera encargado

RAMON LLUL, “Cant de Ramon”

Son creat e esser m'es dat
a servir Deu que fos honrat,
e son caut en mant pecat

e en ira de Deu fui pausat.
Jesus me venc crucificat:
volc que Deus fos per mi amat.

Mati ane querre perdo
a Deu, e pris confessio
ab dolor e contricio.
De caritat, oracio,
esperansa, devocio,
Deus me fe conservacio.

Lo monestir de Miramar
fiu a frares Menors donar
per sarrayns a preicar.
Enfre la vinya e·l fenolar
amor me pres, fe·m Deus amar,
e 'nfre sospirs e plors estar

JUAN RAMÓN JIMÉNEZ, *Platero y yo*

Platero es pequeño, peludo, suave; tan blando por fuera, que se diría todo de algodón, que no lleva huesos. Sólo los espejos de azabache de sus ojos son duros cual dos escarabajos de cristal negro. Lo dejo suelto y se va al prado, y acaricia tibiamente con su hocico, rozándolas apenas, las florecillas rosas, celestes y gualdas... Lo llamo dulcemente: “¡Platero!, y viene a mí con un trotecillo alegre que parece que se ríe, en no sé qué cascabeleo ideal...

Come cuanto le doy

RAMÓN VILAR PONTE, “Cousas do centralismo”.

Dende que un galego se atopa na idade de recibir o pirmeiro insiño, até que chega un punto da sua vida que correntemente se considera como remate pra sua formación intelectual, pode afirmárese, sen eisaxerar ren, que aparce colocado de costas a todo aquilo que debera ocupar un lugar preferente na sua formación. I-eisí o Estado lle ofrece unha escola na que, nen de lonxe xiquera, se lle non fai fixar a sua atención n-aquelo que máis directamente o afecta, ou sexa n-aquello que constituie o meio ambiente enm que ten de desenrolare lóxicamente á sua vida.

RAYMOND CHANDLER, *El largo adiós*

Era inclasificable, tan remota e clara como a auga da montaña, tan evasiva como a súa cor. Inda a miraba, cando oín xunto a min unha voz que dicía:

—Retraseime en forma imperdoable. Prégolle que me escuse. O meu nome é Howard Spencer. Vostede é Marlowe, por suposto.

Di volta á cabeza e mireino. Era de mediana idade, máis ben regordete, vestido en forma un tanto despreocupada, pero ben barbeado, e o pelo moi fino peiteado cara atrás con todo coidado. Usaba un rechamante chaleco cruzado, prenda que moi poucas veces se ve en California.

RAIMOND, “Al vent”

Al vent,

la cara al vent,
el cor al vent,
les mans al vent,

els ulls al vent
al vent del món.

I tots,
tots plens de nit,
buscant la llum,
buscant la pau,
buscant a déu,
al vent del món.

La vida ens dóna penes,
ja el nèixer és un gran plor:
la vida pot ser eixe plor;
però nosaltres

al vent...

